

PACO BOLUDA



FOLK · CELTIC · DA · GALIZA



TOR na Arca da Noe de Vilar de Santos, xullo 2020. Rede Galega de Música ao Vivo AGADIC



FÉLIX CASTRO

Anglo concertina, acordeón diatónico
Gaita galega en Si bemol, toque pechado

CÁSTOR CASTRO

Frautas de madeira, bouzouqui

Licenciados en Dereito pola Universidade de Salamanca, avogados, músicos e investigadores en música tradicional e etnografía galega. Félix Castro é ademais licenciado en Antropoloxía pola UNED. Fundadores xunto con Igor Medio e Ruma Barbero do grupo de folk asturiano *Felpeyu* en 1991.

Membros da *Aula de Música Tradicional Gomes Mouro* de Ourense, do quinteto tradicional *Os Lubicáns*, e de *Sólidos Galicianos*, colaboradores habituais nos proxectos musicais de Pancho Alvarez. Investigan a frauta de madeira e o acordeón diatónico en Galicia así como o toque pechado na gaita, xeito antigo de tocar, e a recuperación da memoria e repertorio dos gaiteiros e músicos ourensáns, principalmente Faustino Santalices. Teñen colaborado nunha vintena de discos e recopilatorios nacionais e internacionais.

Entre as súas publicacións máis destacables se atopan *O Catálogo de música tradicional da Limia*, o libro-cd *Sons da Limia*, a exposición e catálogo *Faustino Santalices. Tradición musical galega* e o congreso e actividades posteriores. Son colaboradores do proxecto *Ronsel* de recuperación do patrimonio inmaterial galego e do programa europeo *Oralities*, e asesores musicais do programa Alalá da TVG.

Noutros ámbitos, as súas investigacións etnográficas están centradas actualmente na figura de Manuel Blanco Romasanta, o Home lobo de Esgos, no que realizaron importantes descubrimentos. Félix está ademais especializado no Libro de San Cipriano, os libros do demo, o desencanto de tesouros, e a bibliografía ocultista do s. XIX e XX, sobre o que leva publicado numerosos artigos revistas de etnografía e bibliofilia españolas e internacionais. Organizou as exposicións «Os Libros do Demo» (Museo da Deputación de Lugo), «San Cipriano o Mago: De oracións, ciprianillos e tesouros» (Museo Etnolóxico de Ribadavia, 2020-2021) e mesmo é reclamado de todo o orbe para desencantar tesouros e asesoramiento máxico. Neste campo os plaxios que lle fan superan con creces a súa produción.

TOR supón para eles o regreso ás súas raigames musicais no folk, despois de dúas décadas dedicados maiormente á investigación musical.




XOSÉ LIZ

Bouzouqui, guitarra acústica,
mandolina

Músico de recoñecido prestixio nacional e internacional no ámbito do folk galego e da Celtic Music. Máis de trinta producións discográficas cos mellores artistas galegos (Cristina Pato, Susana Seivane, Rodrigo Romani, Anxo Pintos, Anxo Lorenzo, Begoña Riobo...) e a súa habitual presenza nos mellores escenarios destas músicas (Festival Intercéltico de L'orient, Celtic Connections, Piping Live, Vall D'aOsta, Scottish Weekend...) avalan a traxectoria deste multiinstrumentista vigués.

Compaxina a súa tarefa de músico profesional, produtor, arranxista e compositor; coa súa laboura de profesor titular de frauta e corda pulsada na prestixiosa escola de música folk e tradicional E-Trad de Vigo dende o 2009.

Recentemente ten publicado o seu primeiro disco en solitario "*El Cantar de los flautares*" como multiinstrumentista.





ÁLVARO IGLESIAS

Contra baixo

Formado na música clásica, desenvolve a súa carreira na música tradicional galega.

Entre os seus mestres figuran o mestre lituano Iminas Kucinskas, Cris Gándara, Camilo Freire ou Carlos Méndez (mestre na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e membro da Real Filarmonía de Galicia).



Formou parte de bandas coma *Tres*, *Carlos Núñez*, *Pancho Alvarez*, *Faltriqueira*, ou o gaiteiro *Anxo Lorenzo*, participando con todos eles ao longo de xa máis de vinte anos de carreira en numerosos festivais do máis alto nivel internacional, coma o Cambrigde Folk Festival, Rock in Rio, Womad, Festival do Mundo Celta de Ortigueira, Celtic Connections, Festival Intercéltico de Lorient, William Kennedy Piping Festival, Celtica, Gooikoorts, etc.

Entre os seus traballos máis destacados, figuran gravacións, composicións ou colaboracións en máis dunha veintena de discos e documentais para TVG ou Discovery Channel.

Actualmente, compaxina formar parte e colaborar con bandas coma *Arán*, *Entre trastes*, *Ardentía*, *Son de Seu*, ou *Rodrigo Romaní*, entre outros, con ser produtor, compositor, arranxista e freelance en gravacións de estudo ou colaboracións en directo con distintos artistas e bandas do panorama musical nacional e internacional.

Ven de publicar "*alma*" (Zouma Records 2018), o seu primeiro traballo discográfico en solitario, e tamén o primeiro disco na historia da música celta no que o instrumento solista é un contrabaixo, executando, xunto con guitarra acústica ou bouzouki, melodías e composicións propias baseadas sempre na música tradicional galega.

REPERTORIO DE TOR

O repertorio do grupo componse de *popurrís* ou *sets* de temas instrumentais orixinais tomados da tradición galega, con especial atención aos gaiteiros e músicos do interior. A principal fonte é o traballo de campo do *Arquivo Castro Vicente* (Cástor e Félix Castro), e os seus fondos documentais e sonoros, centrados sobre todo na fruta de madeira e acordeón diatónico, así como en estilos de toque de gaita de comarcas pouco coñecidas como A Limia, Frieiras, e Navia entre outras.

Xunto coa liña melódica guiada principalmente por instrumentos da tradición galega como a gaita, a fruta de madeira, ou o acordeón diatónico, e outros máis atípicos como a anglo concertina, a parte harmónica a completan o bouzouqui e o contrabaixo, conformando un son acústico, reelaborado dun xeito concordante cos traballos que se fan hoxendía no folk atlántico europeo.

Sets de muiñeiras, xotas, alboradas, pasacorredoiras e piruxaldas, sucédense con outros temas máis pausados como alalás, cantos de reis, valeses ou mazurcas, tan propias do sur ourensán.

CD · «TOR-FOLK · CÉLTICO · DA · GALIZA» ·

(Producción propia, Inquedanzas Sonoras, Agosto 2020)
digipack con 13 temas, [libreto de 20 páxinas](#)
e poster do Cronobecho




LVARADA

(BSO Álvaro Iglesias-TOR,
Zinemusik 2020)

Banda sonora de 4 temas
da mediametraxe sobre
Manuel Blanco Romasanta,
O Lobishome de Esgos





<https://www.youtube.com/watch?v=B9k0Mjd38qY> <https://www.youtube.com/watch?v=-pHuLkFF-NA>

VÍDEOS · Gravados en *Beabesada homestudio*

Presentación de TOR na revista cultural Zigzag da TVG

<https://www.youtube.com/watch?v=nenGvEBIS1M>

Entrevista a TOR Grupo da Semana de **Galician Tunes**

<http://www.galiciantunes.com/news/1321>



Concierto de Navidad 2020

para la Universidad de Vigo,
17/12/2020 en directo
por **UVigo TV**
<https://youtu.be/IUu0OC8iLmQ>



REQUERIMENTOS TÉCNICOS:

Félix Castro:	Anglo concertina		2 Conectores XLR
	Acordeón diatónico	-Melodía	Conector XLR
		-Baixos	Conector XLR
	Gaita galega	-Punteiro	Micro Sennheiser MD441-U
		-Ronco	Micro de Pinza (Shure Beta 98 ou Similar)
			Conector XLR
Cástor Castro:	Frautas de madeira		Conector XLR
	Bouzouqui		Conector XLR
	Micrófono para presentar		
Xosé Liz:	Bouzouqui		Conector XLR
Álvaro Iglesias:	Contrabaixo		Conector XLR

(O organizador do evento deberá dispoñer de equipo de sonorización, iluminación e técnicos, axeitado ao espazo da actuación. Para pequenos espazos, existe a posibilidade de levar equipo de son propio, que se poderá consultar anticipadamente co grupo)

CONTACTO .

E . CONTRATACIONES:

SÍGUENOS!

TOR

R/ Sto. Domingo, 37, Entrechan C
C.P. 32003 Ourense

629875063 (Cástor)

tor.celtrad@gmail.com



<http://www.facebook.com/torgaliza>



<https://torgaliza.es>



galiciantunes



